

MESA SECTORIAL DO DÍA 14 DE ABRIL DE 2021 (continuación da do día 13)

6º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CALENDARIO ESCOLAR 2021/2022.

Desde ANPE imos comezar polo punto máis conflitivo e novidoso do proxecto de Calendario Escolar presentado, que é o adiamento dos exames de setembro ao mes de xuño.

En ANPE **consideramos que é necesario abrir un debate sobre o tema baseado nun estudo detallado de todos os pros e contras que pode supoñer unha medida de semellante calado cos docentes, coas familias, coas organizacións sindicais...** En cambio, si vemos axeitada, e así o transmitimos xa en anos anteriores, o adiamento da avaliación extraordinaria de 2º de bacharelato para que poidan empezar o curso universitario completo que arranca a principios do mes de setembro segundo establecen os plans de Bolonia.

Porque ano tras ano decimos que temos que facer un estudo serio do calendario escolar, nos encontramos con “trimestres” totalmente descompensados e temémosnos que con esta proposta da administración se termine establecendo o comezo de curso a principios de setembro e coma en primaria non haxa tempo para todo ese traballo de organización e coordinación previa ao inicio da actividade lectiva.

Botamos en falta cuestións organizativas derivadas desta proposta de Calendario como poden ser:

- as coincidencias das sesións de avaliación extraordinarias cos procesos selectivos que implican a un número importante de profesorado.
- cando se van facer os nomeamentos do profesorado
- que vai ocorrer co profesorado que se nomeaba para as probas extraordinarias de setembro
- que actividades vai facer o alumnado que ten superadas todas as materias a partires do día 6 de xuño e ata o final do curso

A Consellaría ten decidido manter este cambio e non especifica que cambios suporía noutros cursos; si nos confirma que aínda que os destinos provisionais para o curso 2021/22 se manterán nas datas habituais (toma de posesión en Secundaria a mediados de setembro), a idea é que a partir do curso 2022/23 a adxudicación definitiva do CADP sexa en xullo e a toma de posesión o día 1 de setembro, como o profesorado definitivo.

- Con respecto ao articulado, ANPE propón un calendario de 175 días lectivos en lugar dos 176 presentados e que pasaría por establecer como non lectivo o día 7 de decembro ao estar incluído no trimestre máis longo.
- ANPE defende que se estableza un calendario escolar de aplicación a todos os centros da Comunidade que imparten ensinanzas regradas non so aos “sostidos con fondos públicos”.
- Consideramos que a data do 25 de setembro para a presentación e remisión das programacións didácticas debería ser máis flexible xa que habitualmente se están nomeando profesores interinos ata finais do mes de setembro.
- ANPE considera que o transporte escolar non pode, baixo ningún concepto, condicionar o horario escolar dos centros educativos.
- Dende ANPE demandamos a volta a horario reducido nos meses de xuño e setembro para todos os centros educativos que o soliciten.

- ANPE traslada unha petición feita por direccións de centros educativos con respecto á proba final de pendentes do alumnado de ESO: solicitan se poida facer durante o mes de abril e/ou maio. O motivo desta petición é que nos centros que teñen ESO e Bacharelato (que son a maioría) a redacción actual obriga a facer 2 semanas de exames de pendentes o que obriga á súa vez facer máis tardes a conserxes e limpadoras) xa que se deixan a de 2º de bacharelato con pendentes para a primeira ou segunda semana de maio para facelas coincidir, solapárase cos exames ordinarios de 2º de bacharelato e obviamente é razoable realizar antes as pendentes que as ordinarias de 2º. **A Administración resposta que a redacción final será que a proba final deberá facerse “antes do remate do mes de maio”.**
- Consideramos que 7 días é un período moi curto para facer a adaptación polo que demandamos que o período de adaptación se estenda ata finais de setembro.
- En relación á Formación Profesional consideramos que o seu funcionamento está máis baseado na duración en horas dos módulos dos diferentes ciclos formativos polo que esta etapa educativa debería ser máis flexible e estar menos supeditada a datas concretas.
- Dende ANPE trasladamos unha petición dos equipos directivos en relación ao curso actual. A CIUG publicou o calendario de probas da ABAU. Nese calendario fíxase como última data para celebrar a avaliación ordinaria do 2º curso de Bacharelato o martes, día 18 de maio. Ocorre que, ao non ser laborable o día 17 de maio, Día das Letras Galegas, moitos centros educativos decidiron fixar como día non lectivo de centro ese 18 de maio. Isto obrigaría a ditos centros a celebrar a sesión de avaliación como moi tarde o venres 14 de maio. Polo tanto solicitamos que, excepcionalmente, a Consellería permita que a sesión de avaliación se poida facer este curso o día 19 de maio. **A Administración resposta que deberán comunicar o caso concreto á inspección educativa.**

A Administración confía plenamente nas modificacións propostas para o Calendario Escolar e o adiamento das probas extraordinarias ao mes de xuño e non efectos benéficos que pode traer á comunidade educativa. Con respecto ás propostas de redución de días lectivos de 176 días a 175 a Consellería non se pronunciou oficialmente nin á proposta de ANPE nin á de outras Organizacións Sindicais.

ANPE Galicia insiste en que, como guiño ao profesorado despois dun curso de especial esforzo pola situación da pandemia, esforzo que ten como resultado que o curso escolar actual se puidese desenvolver con certa normalidade dentro das especiais circunstancias, a Administración debería establecer o número mínimo de 175 días que establece a normativa.

A Consellería non se pronuncia pero comprométese a estudar as diferentes propostas.

7º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Demandamos que a Consellería cambie a denominación dos Mestrados de Formación Profesional por Cursos de Especialización xa que non son Mestrados oficiais e pode levar a confusión. **A Administración indica que xa se denominan así.**
- Solicitamos información sobre a situación das Cátedras de Música e Artes Escénicas.

MESA SECTORIAL



- Solicitamos información sobre o incumprimento da Lei en relación ás grandes agrupacións instrumentais (Coro, Orquesta e Banda) que dicta que deben ser impartidas por un profesor de esa especialidade algo que non se está a cumprir en case ningún conservatorio.
- Solicitamos información sobre o incumprimento da normativa superior estatal (Real Decreto lei 31/2020) no caso da avaliación de 2º de bacharelato por parte das instrucións de avaliación da Consellería (instrucións do 30 de xullo de 2020). **A Administración considera que as Instrucións non incumpren o recollido no RD).**
- Solicitamos información sobre como está o tema das licenzas de formación suspendidas temporalmente o curso pasado.



ANPE
SINDICATO INDEPENDIENTE
GALICIA